

VI. ANUNCIOS
B) ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONCELLO DE VIGO
ANUNCIO da oferta de emprego público do ano 2021.

Con data do 23 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo de aprobación da oferta de emprego público 2021 (expediente 37053/220):

Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2021, integrada polas seguintes prazas vacantes:

Praza	Quenda (quenda libre/promoción interna)	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Observacións
Técnico/a Administración xeral	Libre	Funcionario/a de carreira	2	Unha delas reservada para persoas con diversidade funcional
Administrativo/a Administración xeral	2 libre 1 promoción interna	Funcionario/a de carreira	3	
Auxiliar Administración xeral	6 libre 3 promoción interna	Funcionario de carreira	9	Unha das da quenda libre reservada para persoas con diversidade funcional
Enxeñeiro/a industrial	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Economista	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Técnico/a superior actividades culturais e educativas	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Diplomado/a traballo social	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Diplomado/a enfermería	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Programador/a informática	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Delineante	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Inspector principal policía	Promoción interna	Funcionario/a de carreira	2	As dúas prazas correspóndense á taxa adicional por xubilación do corpo da Policía Local, unha delas reservada para quenda de mobilidade horizontal
Inspector policía	Promoción interna	Funcionario/a de carreira	1	Corresponden á taxa adicional por xubilación do corpo da Policía Local
Policía	Libre	Funcionario/a de carreira	9	4 pola quenda normal e 5 pola taxa adicional por xubilación do corpo da Policía Local. Das nove prazas, dúas reservadas para quenda de mobilidade horizontal



Praza	Quenda (quenda libre/promoción interna)	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Observacións
Sarxento S.E.I.S.	Promoción interna	Funcionario/a de carreira	4	
Cabo S.E.I.S.	Promoción interna	Funcionario/a de carreira	2	
Bombeiro/A	Libre	Funcionario/a de carreira	6	
Condutor-bombeiro	Libre	Funcionario/a de carreira	1	
Oficial oficios	Libre	Persoal laboral	5	1 oficial de instalacións municipais , 1 oficial sepultureiro/a, 1 oficial mantemento e 2 oficiais coidadores.
Axudante oficios	Libre	Persoal laboral	3	Dúas delas reservadas para persoas que acrediten unha diversidade funcional (diversidade intelectual)
Total prazas OEP 2021			54	Das 54 prazas, 36 ofértanse pola quenda libre e, 10 por promoción interna; 4 delas resérvanse para persoas con diversidade funcional (7 % das 54 prazas convocadas), delas, 2 diversidade intelectual

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 59 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) resérvanse un total de 4 prazas para persoas con diversidade funcional, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten diversidade intelectual e as restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de diversidade funcional.

Vigo, 23 de decembro de 2021

O Alcalde

P.D. (Delegación competencial por Decreto de Alcaldía do 16.4.2021 e Acordo da Xunta de Goberno Local do 22.4.2021)

Patricia Rodríguez Calviño
Concelleira delegada da Área de Contratación,
Patrimonio e Xestión Municipal

